



PROGRAMA DE ACOLLIDA PARA O CURSO 20/21- CRA NOSA SEÑORA DO FARO

Segundo as Instrucións do DOG do 28_08-2020, Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa en relación as medidas educativas que se deben adoptar no curso académico 2020-2021, o centro educativo elaborará un “Programa de Acollida”.

Seguindo as directrices marcadas pola Consellería, foi elaborado polo Equipo Directivo coas aportacións do profesorado do centro, a pesar de non ter formación en materia sanitaria nin de organización en aspectos relacionados coa prevención de riscos laborais.

Novas normas de organización e funcionamento do centro.

Ao inicio de curso enviarase unha circular informativa cun resumo dos aspectos máis significativos con respecto a estas novas normas de organización e funcionamento do centro.

USO DE MÁSCARA

O uso de máscara será obrigatorio para todo o persoal e alumnado maior de 6 anos, tanto dentro como fóra da aula. (Empregala na entrada, saída e desplazamentos dentro da aula ou cando estén interactuando en grupos.. Todos, xa que hai mezcla de idades, propoñerase poñela para non facer discriminación. O profesorado e persoal non docente de xeito continuo)

ORGANIZACIÓN DO CENTRO

- Os grupos cos que contaremos este ano son:

	barizo	brantuas	campara	mens	neño	pazos	tallo	tella	xornes	TOTAIS
4º INF	5	1		1	5	3	3	3	2	23
5º INF	1	1	1	1	1	1	2	4	5	17
6º INF	1	2	3	2	4	1	2	1	1	17
1º EP	1	1		1	4	1		2	1	11
2º EP		1	2	1		3	2		1	10
TOTAIS	8	6	6	6	14	9	9	10	10	78



IMPORTANTE: Só poden acceder ao recinto escolar en cada unha das escolas as familias que traían os nenos e nenas, o resto de persoal non poderá acudir ao centro.

Tanto nas entradas como nas saídas hai que facelo de xeito escalonado tal e como se decida en cada unha das escolas en función do número de nenos e situacións.

Por elo, só deberá vir un acompañante por cada alumno ou alumna, será fundamental a puntualidade, non se debe chegar antes do horario establecido, en canto se recolla o neno ou nena deben abandonar a zona, evitando así os grupos de persoas.

Recomendámosvos que evitedes que os acompañantes sexan persoas de risco.

ENTRADA E SAÍDA

Os horarios de entrada e saída serán escalonados e organizados polas titoras e as familias, deberemos ser coidadosos e de non poder cumprilo deberíamos avisar á titora ou mestre substituto.

O alumnado pode entrar acompañado ata a súa zona de espera (desinfección de mans e zapatos). As titoras recolleranos alí as horas previstas.

Naquelas aulas máis numerosas intentarase que haxa a lo menos 2 mestres para organizar a entrada.

No momento de entrar na aula irá coa súa titora, que será o encargado de aplicar xel hidroalcohólico nas mans de cada alumno e alumna, ou ben de proceder ao seu lavado. (desinfección pola familia antes de entrar dentro aula, na zona de recollida, polo tema de se hai un só profe na aula e ten que controlar aos que xa entraron).

Nas Saídas as familias esperarán aos nenos e nenas nas horas establecidas e no lugar de recollida indicado en cada escola. Cada neno ou nena será acompañado pola titora ata a proximidade da persoa encargada de recollelo.

PLANO DE ENTRADA CO LUGAR DE ESPERA



Non sairá ningún neno ou nena ata que acabe de saír o anterior.

Antes de saír todo o alumnado debe limpar as mans con hidroxel, ou lavado de mans con xabón.

1º DÍA: 10 DE SETEMBRO.

O primeiro día de clase entrarase de xeito escalonado, según o comunicado pola titora previamente de xeito telemático (reunión previa por zoom coas familias, explicando os aspectos máis importantes desta volta)

Haberá un lugar sinalizado para entregar ou recoller os nenos e nenas.

IMPORTANTE: . Deberemos estar con máscaras e separados polo menos 2m, de non poder a lo menos 1,5m.

O resto da mañá dedicarémolo a ensaiar co alumnado as entradas, saídas, zonas de recreo, recordo das normas de hixiene, distanciamento social...

Durante todo o mes de setembro as actividades relacionadas con estes aspectos ocuparan gran parte da xornada lectiva.

Ao longo deste mes o profesorado traballará co seu alumnado o emprego da aula virtual (emprego de nube e outras apps) co fin de estar preparados ante unha posible suspensión de clases.

O primeiro día de clase os nenos e nenas, só a merenda consensuada. Este primeiro día o único material a traer serán as tablets particulares que teñan nas casas para preparalas para a non presencial, con programas etc.

Cada neno e nena terá un lugar con tapa para depositar as súas cousas(chaquetas, material individual...) e tamén traer un sobre de papel co nome para gardar a máscara.

A aula non terá material compartido de ningún tipo todo o que manipule será do seu uso propio ou posteriormente desinfectado para ser empregado por outro neno.

Os baños serán solo empregados para uso sanitario, non poderán usar a billa máis que cando laven as súas mans.

MERENDAS: As merendas deben vir cada día da casa en tupper individual e serán gardadas ata a hora da merenda na caixa grande individual, a auga vira cada día en cantimplora ou botellín de auga diferenciado suficiente que evite problemas, no caso de recargalo será a mestre da aula.

RECREOS

No momento do recreo manterán a distancia na medida do posible, e usarán máscara. Non empregarán o parque nin o areeiro. No caso de caídas será a mestre ou mestra a encargada de collelo e solucionar a situación. Os Mestres teremos todo o tempo a máscara posta e o lavado continuo en función do traballo.



ATENCIÓN SECRETARÍA/DIRECCIÓN

Só se atenderá presencialmente con cita previa.

Podedes solicitala a través do teléfono (656589817) ou do correo electrónico (cra.senhora.faro@edu.xunta.gal).

Tamén podedes empregar estas vías para calquera dúbida, consulta ou suxerencia.

TITORÍAS.

Nas reunións de titorías e nas comunicación por outros motivos coas familias priorizarase a comunicación por teléfono ou videochamada, deixando constancia da mesma nos pertinentes documentos.

Non se contemplan casos excepcionais que requiran neste momento a titoría presencial.

ORIENTACIÓN

Priorizarase a comunicación por teléfono ou videochamada, deixando constancia da mesma nos pertinentes documentos.

Só se atendera presencialmente en casos excepcionais e sempre con cita previa.

SAIDAS EXTRAESCOLARES.

Este curso no haberá nin saídas extraescolares, senón saídas á contorna próxima e mantendo as medidas do protocolo, nin convivencias.

Sempre que o tempo o permita o traballo de aula será fora da aula facilitando o respirar aire puro e minimizando os riscos.

Actuacions de prevención, hixiene e protección.

Corresponde ao Concello xestionar, planificar, organizar e desenvolver as medidas de limpeza do centro, tal e como recolle o Protocolo.

Prevención

Compromiso realización autoenquisa clínica: diaria tanto por parte do profesorado como por parte do alumnado (realizarano as familias do alumnado no seu propio fogar antes de asistir ao colexio). Estamos pendentes de que habiliten abalar-

Non asistirán ao centro aqueles estudantes, docentes e outros profesionais que teñan síntomas compatibles con COVID-19, así como aqueles que se atopen en illamento por diagnóstico de COVID-19, ou en período de corentena domiciliaria por ter contacto estreito con algunha persoa con síntomas ou diagnosticada de



COVID-19.

O uso de máscara é obrigatorio para todos os maiores de 6 anos. Pendente de resposta de sanidade.

Antes de acceder ao centro ou a algunha das súas dependencias limparase as máns con hidroxel e manterase a distancia de seguridade sempre que sexa posible.

Durante os primeiros días do curso priorizarase o traballo sobre a adquisición de hábitos básicos de prevención, hixiene e protección, así como o coñecemento das novas normas de organización e funcionamento do centro:

- Evitar tocar os ollos, o nariz e a boca.
- Hixiene de mans: lavado frecuente e meticuloso das mans con auga e xabón, durante polo menos 40 segundos, ou con solucións hidroalcohólicas, durante polo menos 20 segundos, no seu defecto. Cando as mans estean visiblemente sucias debe utilizarse auga e xabón.
- Recordar o emprego axeitado das máscaras: como poñelas e quitelas, onde se gardan...
- Durante os primeiros días, ensaio das entradas e saídas, valoración de aspectos a mellorar.
- Información do uso correcto da máscara e de como poñela e sacala adecuadamente.
- Realizar actividades para identificar a distancia de seguridade axeitada (canto é 1 metro e medio?) brazos estirados medir ou preparar cada neno varilla coa medida e traballar en competencia matemática.
- Recordar a necesidade de extremar a orde no posto de traballo para facilitar as tarefas de limpeza.

Accións formativas para a mellora da competencia dixital do alumnado necesaria para o seu desenvolvemento na modalidade de ensino presencial ou, de ser o caso, non presencial.

Accións

Ao inicio de curso, dedicaranse varias sesións co alumnado para a familiarización da aula virtual, tanto no acceso como no funcionamento. Cada alumno e alumna recibirá unha etiqueta co seu usuario e contrasinal para o uso da NUBE.

Propónse tamén a todo o profesorado (proposta a incluír no Plan TIC anual do centro) o emprego da NUBE, Web do centro... no ensino presencial por lo menos unha vez quincenalmente con tarefas diversas para unha correcta preparación ante un posible ensino a distancia.

Para todo o profesorado e de xeito virtual, haberá formación sobre as diferentes



plataformas dixitais do CRA e da estrutura de traballo pedagóxico do Centro, que tamén será recollido no libro de acollida do Centro e que terán de xeito virtual na nosa nube e na Moodle.

Para o resto da comunidade educativa estarán accesibles na nosa nube os vídeo tutoriais sobre como acceder aos diferentes recursos dixitais así como Terán formación de xeito telemático.

Faremos unha sondaxe sobre a dispoñibilidade de medios telemáticos e de conexión para intentar solucionarlos

Atención aos aspectos emocionais e sociais, mediante a realización de actividades grupais de acollida e cohesión.

Será o departamento de orientación e os mestres os encargados de coordinar e deseñar as actividades dirixidas a atender estes aspectos, tendo en conta que serán actividades realizadas ao inicio do curso dirixidas polos titores ou titoras de cada un dos grupos estables de convivencia.

Este programa será difundido entre a comunidade educativa a través dos canles habituais.